

PAZOS DE BORBEN**E D I T O**

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento de esta Corporación correspondente ó exercicio de 1999, informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade, polo término de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia, ó obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o expresado prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto no artigo 193 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

Pazos de Borbén, a 31 de maio de 2000.—O Alcalde, Andrés Iglesias Rodríguez. 4478

* * *

PONTE CALDELAS**E D I C T O**

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por doña Fátima Pereira Agra, licencia municipal para la apertura de picadero, a emplazar en Insua, cumprindo lo dispuesto por el apartado a), del número 2, del art. 30 del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo —que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la provincia— pueda examinarse el expediente, en la Secretaría de este Ayuntamiento por las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar y formular por escrito las reclamaciones u observaciones que estimen oportunas.

Ponte Caldelas, a 30 de mayo de 2000.—El Alcalde, ilegible. 4491

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

O Concello Pleno, en sesión de data 10 de maio de 2000, aprobou definitivamente as modificacións do “Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais”, quedando éste do seguinte xeito:

Artigo 1.—Coa denominación de Consellos Parroquiais constitúense uns órganos permanentes consultivos adscritos ó Concello que teñen como fin o asesoramento, o coñecemento, a proposición, e a colaboración en todas aquelas materiais, sexan actividades ou servicios, que instadas pola Administración Municipal ou outros entes ou organismos de carácter local incidan no seu ámbito territorial facilitando con elo a participación veciñal.

En ningún caso o funcionamento do Consello suporá limitación algunha en tódalas accións reivindicativas ou aportacións de calquera dos colectivos.

Artigo 2.—Crearase un Consello en cada Parroquia do Término Municipal de Redondela, recibindo a denominación daquelas e sendo o seu ámbito territorial o correspondente ao histórico de cada unha delas.

Artigo 3.—De conformidade co sinalado no Artigo 1, os Consellos teñen como funcións específicas o asesoramento, orientación, instancia, petición, proposición e consulta da xestión e iniciativa do Concello, así como o xeral de colaborar con éste.

A estes efectos recibirán preceptivamente informe das Comisións de Seguimento das concesións administrativas de subministros de béns e servicios e das inversións que realicen no seu ámbito territorial.

Artigo 4.—Os Consellos Municipais Parroquiais serán consultados con carácter preceptivo ou facultativo.

A consulta será preceptiva no referente a:

- a) Programación dos investimentos a realizar no seu ámbito territorial.
- b) Convenios de cesión ou usufructo de béns e instalacións de titularidade municipal.

Artigo 5.—Son órganos dos Consellos Municipais Parroquiais:

- a) O/A Presidente/a.
- b) O Pleno.

Artigo 6:

- a) Será Presidente/a do Consello o/a membro da Corporación Municipal que nomee o/a Alcalde/sa.
- b) O Pleno do Consello elixirá un/ha Vicepresidente/a de entre os seus/súas compoñentes, que terá como función colaborar e substituír ao/á Presidente/a nas súas ausencias.

Artigo 7.—Son atribucións do/a Presidente/a:

- a) Representar ó Consello.
- b) Convoca-las sesións do Pleno, presididas e modera-los debates, decidindo o empate nas votacións co voto de calidade.
- c) Elabora-la orde do día das sesións do Pleno do Consello, introducindo na mesma as cues-

tións propostas alomenos pola terceira parte dos membros. En todas as sesións ordinarias se incluíra un punto de Varios.

- d) Executa-los acordos adoptados. Estes acordos poderán ser levados, en forma de moción, ó Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Artigo 8.—Integran o Pleno do Consello parroquial:

- a) O/a Presidente/a.
- b) Un/ha representante de cada grupo político con representación na Corporación Municipal, non precisando te-la condición de concelleiro/a.
- c) Os/as representantes das entidades actuantes na parroquia, segundo estableza o acordo plenario de creación do Consello parroquial, en número non inferior ó do apartado b), nin superior ó triplo.

Artigo 9.—Os/as representantes no Pleno das entidades actuantes nas parroquias, serán designados/as polas asociacións do seu sector de actuación mediante acreditación escrita e poderán ser substituídos/as cando o colectivo ou sector que os/as designou así o considere.

Artigo 10.—Os/as membros do Consello terán unha representatividade de catro anos, agás os representantes dos grupos políticos que deberán renovarse coa constitución dunha nova Corporación Municipal.

Artigo 11.—O Pleno do Consello reunirse en sesión ordinaria catro veces ó ano. Poderanse convocar sesións extraordinarias cando así o decida o/a Presidente/a ou a solicitude dun tercio dos/as membros do Consello.

As sesións serán convocadas con alomenos catro días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias. A convocatoria irá acompañada da orde do día, e máis da acta da última sesión celebrada.

Artigo 12.—O Pleno constitúese válidamente coa asistencia da metade do número legal de membros do mesmo. No caso de falla de “quorum” necesario entenderase convocada, automaticamente a sesión media hora despois, sendo neste caso necesaria a presenza de alomenos un tercio do número legal de membros do Pleno.

Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia do/a Presidente/a, do/a Secretario/a, ou daquelas persoas que os substitúan.

Artigo 13.—Os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as membros asistentes á sesión. No caso de que os acordos se leven, en forma de moción ó Pleno do Concello para a súa aprobación, serán defendidos polo membro do Consello Parroquial que este considere oportuno.

Artigo 14.—Poderán asistir á sesión, a instancias dalgún/ha compoñente, e previa autorización do pleno, técnicos/as, profesionais ou funcionarios/as requeridos/as en función da complexidade ou amplitude dalgún asunto incluído na orde do día, para expoñer opinións ou aclaracións.

Artigo 15.—Realizará as funcións de Secretario/a un/ha funcionario/a do Concello designado/a polo/a Alcalde/sa.

Artigo 16.—Son funcións do/a Secretario/a:

- a) Elabora-las Actas, dando fe coa súa sinatura e co visto e prace do/a Presidente/a.
- b) Custodia-la documentación.
- c) Expedir certificacións.
- d) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Pleno do Consello.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Son parroquias do Concello de Redondela, as seguintes:

- Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapelá, Negros, O Viso, Quintela, Reboreda, Redondela, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela, Vilar e Vila-vella.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P.

Redondela, 25 de maio do 2000.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. 4469

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión celebrada o 10 de maio do 2000, aprobou definitivamente a modificación do “Regulamento Orgánico do Concello de Redondela”, quedando éste do seguinte xeito:

Artigo 1.—O presente regulamento, dítase en virtude das atribucións que a lexislación en vigor, concede ás Entidades Locais, e ten por obxecto a regulamentación, organización e funcionamento dos órganos básicos e complementarios que no mesmo se establecen.

Artigo 2.—Os demais órganos colexiados do concello rexeráanse por este Regulamento en canto ao seu funcionamento e naquelas materias para as que non exista preceito específico que as regule.

CAPITULO I DOS GRUPOS POLITICOS

Artigo 3.—Poderanse formar tantos grupos políticos como candidaturas acadasen representación na Corporación. En ningún caso poderán constituir grupo separado os/as que pertencen á mesma can-